



## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Común**" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**

**1. O artigo 43.3 da Constitución española di que:**

- A) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria nos colexios públicos e concertados.
- B) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte.
- C) Os poderes públicos facilitarán a educación física e o deporte.
- D) Ningunha opción é correcta.

**2. De acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) O idioma oficial de Galicia é o galego.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos.
- C) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de coñecelos e usalos.
- D) O idioma oficial en Galicia é o castelán e todos teñen o dereito de coñecelo e usalo.

**3. O artigo 3 da Lei de Saúde de Galicia define a saúde como:**

- A) O estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, incluíndo os aspectos físicos, psíquicos e sociais.
- B) O estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, adaptarse e superar dificultades de xeito socialmente aceptable e persoalmente satisfactoria. Este concepto inclúe, polo tanto, os aspectos físicos, psíquicos e sociais.
- C) O estado da persoa que lle permite realizar as funcións vitais e sociais propias da súa idade, adaptarse e superar dificultades de xeito socialmente aceptable. Este concepto inclúe, polo tanto, os aspectos físicos e psíquicos.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**4. O artigo 5 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que:**

- A) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida.
- B) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo ao nivel do título esixido para o seu ingreso.
- C) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo á función desenvolvida, ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.
- D) O persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo ao nivel do título esixido para o ingreso e ao tipo do seu nomeamento.

**5. De acordo co artigo 92 da Lei de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde configúrase como:**

- A) Un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) Unha axencia pública autonómica suxeita ao dereito administrativo.
- C) Unha axencia pública autonómica suxeita ao dereito privado.
- D) Un consorcio autonómico de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

**6. De acordo co artigo 7 da Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:**

- A) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de doce anos.
- B) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa maior de catorce anos.
- C) O tratamento dos datos persoais dun menor de idade necesitará sempre do consentimento dos seus pais ou tutores legais.
- D) O tratamento dos datos persoais dun menor de doce anos unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando este sexa escrito e perante dúas testemuñas.

**7. De acordo coa Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a provisión de prazas do persoal estatutario rexirase polos seguintes principios básicos:**

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal dos servizos de saúde.
- B) Mobilidade do persoal no conxunto do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Coordinación, cooperación e mutua información entre as Administracións sanitarias públicas.
- D) Todas as respostas son correctas.

**8. Segundo o artigo 14.5 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o custo das medidas relativas á seguridade e á saúde no traballo:**

- A) Re caerá nos traballadores e no empresario.
- B) Non deberá recaer en modo algún sobre os traballadores.
- C) Será asumido polo conxunto dos traballadores.
- D) Re caerá unicamente no empresario naquelas empresas de máis de 100 traballadores.

**9. O artigo 11 da Lei Xeral Xeral de Sanidade establece que serán obrigas dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario:**

- A) Cumprir as prescricións xerais de natureza sanitaria comúns a toda a poboación, así como as específicas determinadas polos Servizos Sanitarios.
- B) Coidar as instalacións e colaborar no mantemento da habitabilidade das Institucións Sanitarias.
- C) Responsabilizarse do uso axeitado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario, fundamentalmente no que se refire á utilización de servizos, procedementos de baixa laboral ou incapacidade permanente e prestacións terapéuticas e sociais.
- D) Todas as respostas son correctas.

**10. De conformidade co establecido no Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o incumprimento das normas sobre incompatibilidades, cando supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade, está tipificado como:**

- A) Falta grave.
- B) Falta moi grave.
- C) Falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a un ano.
- D) Falta moi grave se a situación se mantén por un prazo superior a dous anos.

**1. De acordo co artigo 11 da Constitución Española:**

- A) Os españois poderán ser privados da súa nacionalidade por sentenza do Tribunal Supremo.
- B) Ningún español de orixe poderá ser privado da súa nacionalidade.
- C) Ningún español poderá ser privado da súa nacionalidade.
- D) Os españois de orixe poderán ser privados da súa nacionalidade nos casos recollidos nunha lei orgánica.

**2. De acordo co establecido no artigo 1.2 da Lei Xeral de Sanidade, son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria:**

- A) Todos os españois que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- B) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que teñan establecida a súa residencia no territorio nacional.
- C) Todos os españois e os cidadáns estranxeiros que residan polo menos 10 meses ao ano no territorio nacional.
- D) Ningunha opción é correcta.